

II CONCURSO DE FOTOGRAFÍA



A MULLER TRABALLADORA 2019



TEMA

O tema do II concurso de fotografía “a muller traballadora” será a expresión por medio da fotografía da loita da muller polos seus dereitos, pola súa participación, en igualdade co home, na sociedade e no seu desenvolvemento íntegro como persoa. Todo material inapropiado ou non vinculado coa temática será descartado e non se terá en conta para o fallo do xurado.

BASES

1.

PARTICIPANTES/CATEGORIAS

- Categoría A: desde 8 ata 12 anos.
- Categoría B: desde 13 ata 17 anos.
- Categoría C: desde 18 anos.

2.

PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN

As fotografías obxecto de concurso deberán ser entregadas nas Oficinas Xerais do Concello de Barreiros. O prazo remata o 13 de marzo ás 13 horas. Permitiranse un máximo de 3 fotografías por participante.

3.

ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS

As fotografías entregaranse en formato impreso e tamaño 10x15cm. (papel fotográfico), asinadas cun pseudónimo e en sobre pechado. Acompañando outro sobre pechado (anexado ao principal) onde figurará o pseudónimo xunto co nome, idade, categoría e teléfono de contacto. O incumprimento destas especificacións elimina á fotografía da participación do concurso.

No caso de presentar un mesmo autor varias fotografías, estas deberán ser entregadas de xeito individual.

4.

DEREITOS DE AUTORÍA:

As obras presentadas a concurso son propiedade do seu autor e autorizará ao Concello de Barreiros para a súa difusión (o Concello de Barreiros comprométese a citar a autoría de calquera fotografía que se use para dito fin divulgativo).

O autor é libre do seu uso unha vez emitido o fallo do concurso, comprometéndose a non divulgar ningunha das fotografías presentadas a concurso antes da resolución das premiadas, a divulgación previa implica a non participación no concurso.

Tras o fallo do xurado, os participantes autorizan ao Concello de Barreiros a realizar unha exposición de tódolos traballos presentados.

5.

XURADO:

A fotografía gañadora será elixida por un xurado composto por tres integrantes sensibilizados e vinculados coa temática do mesmo e o mundo da imaxe.

6.

PREMIOS:

Haberá un primeiro e un segundo premio por categoría. A resolución das fotografías premiadas está prevista para o venres 15 de marzo do 2019 ás 18:30 horas no Centro Socio-Cultural de San Cosme de Barreiros.

ORGANIZA:



CONCELLO DE BARREIROS
Dto. de Servizos Sociais